



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2011 16
Nº Rexistro: 62700
Data envío: 23/03/2011 14:08:51.529

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á dotación de medios ao centro de saúde de As Pontes diante dunha nova situación.

Desde a posta en marcha da Central Térmica de Endesa en As Pontes, a empresa sempre contou cun servizo médico propio, que funcionaba durante todo o ano as 24 horas do día e estaba dotado de ambulancias, mesmo algunha dela dotada especificamente para acceder ás instalacións da Mina.

Porén, recentemente a Dirección da Empresa comunicoulle á Representación Sindical que, desde primeiros de abril, o servizo médico da empresa ía limitarse a funcionar de luns a venres en xornada de mañá, e que calquera incidencia que se producise fóra dese horario sería atendida polos Servizos Públicos de Saúde.

Como é normal, tanto na Central Térmica de carbón importado, como nos Ciclos Combinados de gas natural e nas obras de peche de Mina, traballan moitas persoas, tanto de Endesa como de compañías auxiliares, que non residen en As Pontes; a actividade nunha parte importante das instalacións é de 365 días ao ano e 24 horas ao día.

Xa que logo, a diminución dos servizos médicos de Endesa vai supor un incremento potencial de usuarios/as do PAC de As Pontes; cando este Servizo Público está previsto para un número determinado de persoas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2011 16
Nº Registro: 62700
Data envío: 23/03/2011 14:08:51 529

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG quixera realizar as seguintes preguntas:

- 1.- Ten previsto a Consellaría de Sanidade o reforzamento dos servizos de urxencias de As Pontes, para poder atender tanto á poboación en xeral como ao colectivo de traballadores/as do complexo de Endesa en As Pontes?
- 2.- Ante esta nova situación, vai dotar a Consellaría de Sanidade ao Pac de As Pontes dun servizo de radioloxía?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 23/03/2011 14:08:10